

Día da Clase Obreira Galega

O sindicalismo nacionalista, organizado na Confederación Intersindical Galega, celebra o día 10 de marzo como símbolo emblemático do movemento obreiro galego, xuntando as nosas reivindicacións de clase e a aspiración á soberanía nacional de Galicia, traballando día a día na construción dun marco propio de relacións laborais.

E celebrámolo, en 1996, nun contexto no que o peche de empresas, regulacións de plantillas e desmantelamento de sectores productivos básicos comparten o seu carácter habitual e cotidiano, cun proceso de precarización do emprego e de empobrecemento da clase traballadora. Os intereses de Galicia son esquecidos ou situados nun lugar secundario, nas políticas de Madrid ou Bruxelas, e a Xunta non é quen de parar o medre do desemprego e o descenso da poboación activa.

Por outro lado, a patronal estatal e o sindicalismo centralista están a impulsar convenios colectivos e acordos de ámbito estatal, que alonxan da negociación e da participación ós traballadores e traballadoras afectados e burocratizan o exercicio da acción sindical.

Para seguir defendendo o futuro do noso país, o futuro da clase traballadora galega, a CIG chama neste día a mobilizarnos pola defensa do emprego, pola imprescindible industrialización e para conseguir a negociación dos convenios colectivos en Galicia.

Manifestacións:

Vigo: Ás 12 no cruce de Urzaiz coa Doblada

Ferrol: Ás 12 na Praza das Angustias (fronte ó local do sindicato)



Emprego, Convenios Galegos e Industrialización

